



O HOSPITAL ÁLVARO CUNQUEIRO PARTICIPA ACTIVAMENTE NO DÍA NACIONAL DA FIBROSE QUÍSTICA

- *Membros da Asociación Galega de Fibrose Quística instalaron unha mesa informativa no hospital co fin de dar visibilidade sobre esta doenza que afecta a unha de cada 5.000 persoas no país*
- *O Hospital Álvaro Cunqueiro e Centro de Referencia desta enfermidade en Galicia, grazas ao traballo da súa Unidade de Fibrose Quística, que tamén está cualificada como excelente pola Sociedad Española de Fibrosis Quística*
- *Ademais desta mesa, e a petición da Asociación Galega de Fibrose Quística, a escultura do Titán, no exterior do hospital, permaneceu iluminada esa noite da cor verde representativa da fibrose quística*

Vigo, 25 de abril de 2024. Co motivo do Día Nacional da Fibrose Quística, o Hospital Álvaro Cunqueiro participou nesta conmemoración apoiando os diversos actos organizados pola Asociación Galega de Fibrose Quística coa que este colectivo pretendeu dar visibilidade a esta enfermidade.



Entre estes actos de onte, habilitouse no hospital unha mesa informativa atendida pola asociación destinada a explicar a aqueles interesados as características da enfermidade, a súa situación actual no conxunto da sociedade e dar visibilidade desta doenza. Desta forma, durante o día de onte, o xerente da Área Sanitaria de Vigo, Javier Puente, e varios especialistas da Unidade de Fibrose Quística e outras especialidades relacionadas, achegáronse a esta mesa co fin de apoiar á Asociación Galega de Fibrose Quística.

Unidade de referencia

A oportunidade da situación destas accións no Hospital Álvaro Cunqueiro ven tanto da man do número de persoas que a diario se achegan ao centro hospitalario, como que é, ademais, a Unidade de Referencia de Fibrose Quística en Galicia. Esta Unidade recibiu o



ano pasado a acreditación de calidade, coa cualificación de excelente, pola *Sociedad Española de Fibrosis Quística*, recoñecendo a prestación da atención sanitaria coas maiores garantías, validando os seus protocolos, o traballo en equipo e colaborativo - realizado con outros servizos hospitalarios-, e en coordinación coa Asociación Galega de pacientes de Fibrose Quística.

Trátase dunha Unidade multidisciplinar, coordinada polas pneumólogas Dra. Cristina Ramos (responsable da Área de Adultos desta Unidade) e Dra. M^a Jesús Rodríguez Sáez (responsable da Área de Pediatría desta Unidade), na que tamén participan especialistas en endocrinoloxía, dixestivo ou rehabilitación, xunto con fisioterapeutas e traballadores sociais.

Axuda psicolóxica

Segundo expresou onte o presidente da Asociación Galega de Fibrose Quística, Juan Antonio da Silva Irago: "Este ano queremos chamar a atención sobre a necesidade de mellorar o apoio psicolóxico a pacientes e os seus familiares; un aspecto esencial e no que precisamos unha maior colaboración institucional. Hai moitos casos cotiás - explicou da Silva-, como axudar a uns pais e nais a afrontar un diagnóstico precoz de fibrose quística, ou a un, ou unha, paciente e a súa familia ante un transplante de pulmón, por exemplo. Desta forma, a xornada deste ano céntrase en solicitar ás diferentes administracións a súa colaboración neste aspecto da psicoloxía, ao igual que xa colaboran noutros, como a rehabilitación respiratoria domiciliaria, por exemplo".

Tratamentos innovadores

A Fibrose Quística é unha enfermidade crónica e hereditaria que representa un grave problema de saúde. É unha enfermidade dexenerativa que afecta principalmente aos sistemas respiratorio e dixestivo.

Consiste nunha alteración xenética que impacta nas zonas do corpo que producen secrecións, dando lugar a un espesamento e diminución do contido de auga, sodio e cloro, orixinándose a obstrución das canles que transportan esas secrecións e producindo infeccións e inflamacións que destrúen partes do pulmón, fígado, páncreas e sistema reprodutor principalmente. É unha patoloxía grave de tipo evolutivo que condiciona a saúde e unha esperanza de vida limitada.

Estímase que a incidencia da Fibrose Quística no noso país é dun por cada 5.000 nados, aínda que a prevalenza da alteración xenética que produce a enfermidade é moi alta, xa que un de cada 35 habitantes do noso país son portadores dalgunha das case dous mil mutacións coñecidas que poden condicionar esta enfermidade.

Nos últimos anos avanzouse moito no coñecemento e tratamento da enfermidade; pero, a pesar diso, segue sendo unha patoloxía sen curación. Cando a enfermidade se atope nun estadio moi avanzado, existe a posibilidade do transplante pulmonar e/ou hepático.



Hoxe en día existen terapias farmacolóxicas moi innovadoras, que requiren dun seguimento moi específico dos pacientes, polo que é moi importante que esa atención sexa prestada por unha Unidade acreditada.

Visibilidade

Para contribuír á visibilidade desta enfermidade, a peza escultórica situada no exterior do Hospital Álvaro Cunqueiro coñecida como *Titán*, estivo iluminada esa noite de cor verde que, xunto co laranxa, son as cores representativas da fibrose quística. Esta acción simbólica foi realizada no conxunto de España en monumentos e edificios senlleiros ao longo do país.